

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/73-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa babosa, (<i>V.Pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), ameixa bicuda (<i>V. aurea</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), reloxo (<i>D.exoleta</i>) e caramuxo (<i>L.littorea</i>). Especies acompañantes: longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>), longueirón (<i>Ensis siliqua</i>), navalla (<i>Ensis ensis</i>),
Ambito do plan	De punta Quilma a Sapeiras de Terra (cara oeste e noreste)
Subzonas de explotación	Espiñeiro, Gradín, Avilleira, A Salga, Testos, O Faro, O Naval, O Aguiuncho.

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
318	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	140										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro.											
Modalidade⁽³⁾ : a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura

Especies	A pé (mariscadora/día)
Ameixa fina	2 kg
Ameixa babosa	2 kg
Ameixa xaponesa	4 kg
Ameixa bicuda	2 kg
Berberecho	8 kg
Caramuxo	5 kg
Reloxo	5 kg
Longueirón vello	2 kg (total de solénidos)
Longueirón	
Navalla	

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.

Artes a empregar	Sacho e rastrillo
Puntos de control	O Naval, Espiñeiro, Gradín, Avilleira, A Salga, Semuíño, Aguiuncho, lonxa da Illa



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Puntos de venda	Lonxa da Illa de Arousa
------------------------	-------------------------

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas: Naval, Avilleira, A Ruda (limpezas e descompactación de substrato)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas: ámbito do plan												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas: ámbito do plan												

Outras consideracións

Participantes: O número de permisos a pé en vigor é de 318. No plan aparecen 21 mariscadoras que non teñen renovado o seu permiso. Pola contra, non está incluída no listado do plan,

Calendario de extracción: a entidade propón no plan un total de 160 días máximos, pero á vista da evolución nos últimos anos, o número de días máximos redúcese a 140 días.

Especies acompañantes: longueirón vello, longueirón e navalla considéranse como especies acompañantes das principais autorizadas neste plan.

Cotas máximas de captura: tendo en conta os datos de captura durante o ano 2009, as cotas máxima de captura deben manterse nos mesmos niveis que os autorizados para o ano 2009. Para o caso dos solénidos (especies acompañantes) a cota máxima de captura para o seu conxunto é de 2 kg/mariscadora/día

Artes autorizadas: A forquilla non é unha arte autorizada para o marisqueo a pé segundo o artigo 118 do Decreto 424/1993 que aproba o regulamento da actividade pesqueira e as artes e aparellos permisibles en Galicia. **Para a autorización da forquilla será necesario a aprobación dun plan experimental para o ano 2010.** No plan de explotación de marisqueo a pé para o ano 2010 non se indica que exista incompatibilidade entre o emprego da forquilla e das artes propias do marisqueo tradicional. Sen embargo, si se achega o balizamento para separar as zonas de marisqueo a pé das de marisqueo dende embarcación para o uso da forquilla: caraa leste da Illa, entre Punta Aguiuncho e Punta Chastelas, incluíndo a zona de O Bao).



Para a revalidación dos permisos de explotación para marisqueo a pé computarán os días de realización das labores de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos. O certificado no que se acredite a realización das labores anteriores por parte das mariscadoras detallará os días a efectos da revalidación do permiso de explotación, e virá asinado pola persoa responsable da organización dos traballos e o representante legal da confraría

A persoa sancionada segundo o procedemento contemplado no plan de explotación, poderá recurrir á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

De acordo coa Circular de 6.10.2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2010, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo.

Recomendacións, de acordo cos informes técnicos para a mellora do plan:

- Presentación do plan financeiro
- Organización dos puntos de control de tal xeito que facilite a recollida da mercadoría das mariscadoras levándose directamente á lonxa
- Especificar a organización dos traballos de semicultivo e cultivo
- Revisar coa axente de extensión a legalidade das normas internas